



# **Mulleres** que Contan

*María Victoria Moreno e **Outras***

# “Mulleres que Contan”

*María Victoria Moreno e Outras*

## QUEN SOMOS?



**ANACOS** “*Proxectos Socioeducativos*” é unha empresa enmarcada no eido da dinamización e a xestión, que elabora proxectos socioeducativos e culturais coa finalidade de dinamizar a realidade sociocomunitaria e mellorar a formación e calidade de vida das persoas coas que intervimos.

Coa nosa experiencia e traxectoria formativa e laboral, fixemos unha aposta por crear proxectos educativos e que traballen os valores relacionados co coidado, o bo trato, a cultura, a igualdade e a xestión de emocións, sempre potenciando as capacidades persoais.

Unha das nosas áreas de intervención xira en torno á **educación en valores e habilidades sociais**, creando proxectos que complementen a formación recibida nas escolas e que traballen aspectos que consideramos fundamentais para o desenvolvemento da persoa, facendo especial incidencia no **fomento e dinamización da cultura e lingua galega** e a **igualdade de xénero**.

## QUE PRESENTAMOS?

**Mulleres que contan!**

*María Victoria Moreno e Outras*

Un proxecto de animación á lectura e dinamización Lingüística que ten como finalidade empoderar e visibilizar as palabras de moitas mulleres escritoras con nome propio ao tempo que facemos un percorrido histórico en feminino.

# QUE É?

**Mulleres que Contan** é un proxecto de animación á lectura e dinamización lingüística, que ten como principal obxectivo dar a coñecer a **María Victoria Moreno e outras mulleres** escritoras, que ao longo da historia, destacaron polas súas creacións literarias e non sempre foron recoñecidas e visibles.

Faremos pois especial incidencia nas mulleres que contan a través da palabra, por considerar que teñen un **valor engadido**: o da loita constante para facerse visibles, para dar valor ás súas obras e para poder superar unha carreira de fondo chea de trabas.

No ano 2018, **María Victoria Moreno será a figura protagonista no día das letras galegas**, feito que nos leva a propoñer unha actividade que axude á mocidade a coñecer mellor a historia de vida desta e outras mulleres. Será así a cuarta edición que dedica o día das letras galegas a unha muller, sendo previamente homenaxeadas **Outras (en maiúsculas)** como foron Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e María Mariño foro. Catro nomes que aparecen nunha lista acompañadas de 54 homes dende o ano 1963.

Este proxecto pretende realizar, por medio dunha actividade interactiva con mozas e mozos, un percorrido por varias historias de vida que nos dean a coñecer **mulleres que contaron e facer que conten** na historia da nosa lingua mantendo vivas as súas palabras.

# CÓMO?

Iniciaremos esta sesión con un percorrido de persoas referentes ao longo da historia, para reflexionar da importancia de coñecer a nosa historia e como a podemos contar. Ao longo da sesión irán pasando mulleres referentes por medio de **micro escenas** que nos irán contando e revelando curiosidades e dando información que necesitaremos para completar o **gran xogo de quen é quen**. Será unha actividade de **investigación e descuberta**, onde mozas e mozos terán que saber a quen corresponde cada unha das historias de vida, falando e interactuando coas escritoras que apareceran nos diferente escenarios propostos. Toda a actividade xirará en torno ao xogo, para que as persoas participantes se animen a superar probas e acadar a información necesaria e saber quen é quen.

# POR QUÉ?

Este proxecto ten como principal finalidade traballar os seguintes obxectivos:

- + Dar a coñecer autoras de obras infantís e xuvenís a un público usuario que coñeza a importancia da lectura de xeito divertido.
- + Transmitir a través dela valores educativos.
- + Fomentar o uso da nosa lingua, coñecendo obras en galego e desenvolvendo unha actividade neste mesmo idioma para exemplificar a importancia do mesmo.
- + Mostrar a historia como unha alternativa de lecer educativa e divertida.
- + Visibilizar e empoderar a figura da muller no eido da escritura, ámbito no que historicamente foi moi pouco visible.
- + Coñecer historias de vida de grandes mulleres, contaxiando as ganas de ler e de escribir.

# PARA QUEN?

O público ao que vai dirixida esta actividade serán mozas e mozos de entre **a partires de 12 anos de idade** que participen guiados/as polas dinamizadoras da actividade, recomendando un grupo non superior a 30 persoas para unha mellor interacción co mesmo.

# ONDE?

Para o desenvolvemento desta actividade requírese un espazo amplo para poder representar as diferentes escenas, que será ambientado previamente para a ocasión.

# CANTO TEMPO?

Actividade dirixida ao público que conta con unha duración de **1 hora e 30 minutos + 20 minutos de foro debate** onde recolleremos as opinións das persoas participantes e poderán sacarse fotos nos diferentes escenarios

## CON QUE?

Será un recorrido por diferentes escenas preparadas no propio espazo, nas que se atopará un cadro con un rostro inicialmente oculto que terán que descubrir a través de probas, pistas e da interpretación que fará unha das educadoras. En cada escenario, poderán ver a interpretación dunha muller referente, con certos elementos simbólicos e característicos que serán a clave para descubrir de quen se trata e que está intentando contarnos.



Proxectos Socioeducativos e Culturais

Chámame: 691 71 76 19

Escríbeme: [anacossocioeducativos@gmail.com](mailto:anacossocioeducativos@gmail.com)

Visítame en: Vedra

O QUE NON SE CONTA DESAPARECE.

MANter VIVA A PALABRA É  
UNHA MENSAXE QUE QUEREMOS  
TRANSMITIR A PARTIRES DE  
PROXECTOS COMO

“MULLERES QUE CONTAN”